



Bululu


DIARIOS ZOMBI

MUU
POR QUE
VACAS?

VACAPOCALIPSE

Vaca!






Carantoña

Bruno

Emilio Urberuaga

Bruno é diferente a todo o mundo e, ademais, está moi aburrido. Tentará calquera cousa para conseguir amigos que xoguen con el; UN, DOUS e... Conta até DEZ con Bruno e axúdao a atopar un amigo co que xogar. Este álbum, a través do humor e a perseveranza, transmite valores como a igualdade e a amizade. Escrito en letra maiúscula, facilita a aprendizaxe dos números e letras aos primeiros lectores.

- ♦ 978-84-18667-80-0
- ♦ Tapa dura
- ♦ 21 x 21 cm
- ♦ 36 páxinas
- ♦ +3 anos



Carantoña

San día sen fume

Josemi García

Marina Hdez. Ávila

Dona Rotonda e Don Peón sofren o mal fume do tráfico da cidade. Pero, ese día, un feixe de sandías escapan dun camión e toda a cidade aproveita para montar unha festa e unha manifestación. Este álbum, a través do humor e a rima, enzalza o ecoloxismo e a necesidade de acadar, entre todos, unhas cidades máis limpas e humanas. Escrito en letra maiúscula, facilita a aprendizaxe das letras para os primeiros lectores.

- ♦ 978-84-18667-83-1
- ♦ Tapa dura
- ♦ 21 x 21 cm
- ♦ 36 páxinas
- ♦ +3 anos



Sherlock Holmes para pequenos detectives

A liga dos roibos

Stephanie Baudet e Arianna Bellucci

Por que un excéntrico millonario premiaría cun traballo de por vida e moi ben pagado a alguén só por ter o pelo de cor vermella? Formar parte de A liga dos roibos semella ser o soño de calquera persoa, pero Holmes e Watson descubrirán que os soños poden ter un prezo moi alto.

- 978-84-18667-53-4
- Rústica con lapelas
- 13 x 21 cm
- 120 páxinas
- +7 anos

Os tres estudantes

Stephanie Baudet e Arianna Bellucci

Unha tranquila viaxe de investigación convértese nunha carreira contra o reloxo cando o profesor Soames chega a Holmes e Watson cun estraño misterio. Tres estudantes son sospeitosos de facer trampas. Será Holmes quen de resolver o caso a tempo para que o exame teña lugar?

- 978-84-18667-89-3
- Rústica con lapelas
- 13 x 21 cm
- 120 páxinas
- +7 anos



Muíño do Vento


A luz nos teus ollos

Álex Mene

Ruth Ouviaña

No planeta Vilar non hai luz, todo é negro. Cristal e Carbón deciden que as cousas non teñen por que seguir sendo así só porque sempre foron dese xeito. Os dous xemelgos inician unha viaxe por todo o planeta, empregando o seu enxeño, tacto, ouvido e olfacto para superar os perigos que se cruzan no seu camiño na procura da Luz. Regatos, bosques, montañas, desertos e unha chea de amigos formarán parte da travesía destes dous irmáns que, sen recuar ante ningún monstro ou ameaza, loitarán por conseguir o don da vista para os habitantes do seu planeta.

- 978-84-18667-48-0
- Rústica con lapelas
- 13 x 21 cm
- 84 páxinas
- +9 anos



Maruja Mallo


Enigmáticamente única

María Canosa
Bea Gregores

Valente e libre, non desistiu nin por un intre en manter a súa arte única e orixinal durante toda a súa vida. Constantemente na vangarda do seu tempo, tanto no artístico, no social e ata no persoal, Maruja Mallo abriu un camiño que ninguén máis se atreveu a seguir. Mergullouse na corrente cultural do Madrid dos anos vinte e converteuse en parte activa da Xeración do 27 e no movemento das 'sen sombreiro'. Foi fonte de inspiración de escritores, poetas e filósofos, e obxectivo de críticas que nin entendían a súa obra nin a valoraban polo feito de ser muller.



- 978-84-18667-86-2
- Tapa dura
- 21 x 29 cm
- 40 páxinas
- +12 anos



Estudos Ilustrados

Womanhaus

Historia ilustrada das artistas da Bauhaus

Dakota Hernández

Esta é a historia dunha escola que se propuxera ser o xerme dun novo mundo, dun xeito diferente de entender e aplicar a arte as nosas vidas. Pero, sobre todo, é a crónica das mulleres da Bauhaus, fundamentais para alentar o ímpeto revolucionario co que naceu e a intensidade duns ideais que eran rompedores para a época.

- 978-84-18667-78-7
- Rústica con lapelas
- 17 x 24 cm
- 152 páxinas
- +15 anos



Diarios Zombi

Vacapocalipse

Guy Edmonds e Matt Zeremes
Jake A. Minton

Ola! Son Jimmy e estou vivindo unha APOCALIPSE ZOMBI totalmente estraña! Todos os adultos da miña cidade de Vilacú convertéronse en zombis, pero non os zombis carnívoros como os que ves nas películas devorando cerebros. Estes zombis son VACAS! Literalmente! Todo o mundo anda bruando e babando por aí adiante sen control ningún! E se a súa baba chega a ti... Non queiras nin imaxinar o que é vivir coma a protagonista dun Tetra Brik de leite! Tolo, eh? Afortunadamente, os meus amigos e mais eu temos un plan para atopar unha cura.

- 978-84-18667-84-8
- Rústica
- 13 x 21 cm
- 256 páxinas
- +7 anos